

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRA-ORDINARIA-URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 6 DE NOVEMBRO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

Acordouse ratificar a urxencia da sesión.

2.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 45 DA SESIÓN DE 30 DE OUTUBRO DE 2017.

Acordouse aprobar a Xunta de Goberno Local núm. 45/2017 do día 30 de outubro de 2017.

3.- EXPEDIENTE 863/2017. LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS MAIORES. ANTECEDENTES EXP 8300/16.

Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para explotación de vacún de leite e construción de fosa de xurro nas parcelas con referencia catastral polígono 504 e parcelas 194 e 189, no lugar de A Cruz, parroquia de Santiso – Lalín.

4.- EXPEDIENTE 4902/2017. LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS MAIORES.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para construción de nave-almacén para usos agrícolas de resguardo de madeira e achas para apoio de explotación gandeira, nunha parcela con referencia catastral 36024A244002260000YQ, denominada “Zarra Alén”, no lugar de Alén, na parroquia de Anseán-Lalín.

5.- EXPEDIENTE 4930/2017. LICENZA URBANÍSTICA.

Acordouse A EFICACIA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E DE CAMBIO DE TITULARIDADE para cambio de ventás e ventiladores en nave avícola e para cambio de titular do recoñecemento de dita explotación, situada nunha parcela que corresponde coa referencia catastral de urbana N° 6486815NH6168N0001FX, no lugar de Os Carballiños, nº 4 Vilatuxe-Lalín.

6.- EXPEDIENTE 5035/2017. LICENZA URBANÍSTICA.

Acordouse DENEGAR A LICENZA DE OBRA para traslado de hórreo en Cardexía, situado na parcela con referencia catastral urbana 1165204NH7216N0001OI e que se pretendía trasladar á parcela de referencia catastral urbana 1165202NH7216N0001XI, as dúas no lugar de Cardexía, parroquia de Filgueira-Lalín.

7.- EXPEDIENTE 1357/2017. LICENZA DE SEGREGACIÓN. EXP 8303/16.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN dunha finca coñecida como “Prado da casa”, con referencia catastral urbana n. 0021303NH7202S0001MD, sita no lugar de Porto, parroquia de Botos – Lalín.

8.- EXPEDIENTE 92/2017. CONTRATO DE SUMINISTRO POR PROCEDIMIENTO ABIERTO, OFERTA ECONÓMICAMENTE MÁS VENTAJOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Acordouse Denegar a prórroga solicitada do expediente de contratación denominado “INSTALACIÓN DE XOGOS INFANTÍS NA ZONA EXTERIOR DA PRAZA SUPERIOR DO PARKING ALDEA GRANDE”.

9.- EXPEDIENTE 1526/2017. APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN. AMPLIACIÓN DO CENTRO SOCIAL DE PRADO E CALEFACCIÓN" (PLAN CONCELLOS 2017-LIÑA 1) (CO012017).

Acordouse Autorizar o arquitecto técnico municipal, Director das obras denominadas “AMPLIACIÓN DO CENTRO SOCIAL DE PRADO E CALEFACCIÓN” (PLAN CONCELLOS 2017–LIÑA 1).

10.- EXPEDIENTE 4060/2017. XUSTIFICACIÓN DE GASTOS, DIETAS E ASISTENCIAS.

Acordouse proceder ao reintegro de 95 euros a empregado municipal en concepto de pago da matrícula do dito curso.

11.- EXPEDIENTE 4218/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse a renuncia por traslado a outro Concello no: Servizo de axuda no fogar modalidade libre concorrencia para unha persoa beneficiaria.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:05 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.